



Xeveplan SC  
Santo André de Xeve, Sobral 26  
Pontevedra 36150  
[xeveplan@gmail.com](mailto:xeveplan@gmail.com) tfno. 886151905

## **ESTATUTOS DA COOPERATIVA XEVE PLAN**

*1º Constituímonos como unha empresa con forma xurídica de cooperativa.*

*2º A nosa cooperativa está formada por 18 socios.*

*3º A nosa cooperativa atópase ubicada no C.E.I.P. Santo André de Xeve, lugar de Sobral Nº 26 C.P. 36150.*

*4º O nome da cooperativa é Xeveplan e constitúese o 3 de novembro de 2017.*

*5º O equipo directivo está formado por:*

- Presidente: Nerea Cores García
- Secretaria: Marta Carlés Fontán.
- Tesoreira: Milagros Feijóo Hermida.
- Vicepresidenta: Maya Peño Fontán.

Son tarefas do devandito equipo:

-Presidente:

- .Representar áa cooperativa.
- .Aprobar a adquisición das materias primas.
- .Poñerse en contacto con outras institucións.
- .Encargarse de repartir o traballo.
- .Organizar o traballo.
- .Controlar os produtos.

-Secretaria:

- .-Encargarse de levantar acta das distintas sesións.
- .Convocar as sesións assemblearias.
- .Arquivar e controlar a correspondencia.

-Tesoreira:

- .Encárgase da contabilidade.
- . Dar o visto bó dos cartos.

.Controlar os costes e as ganancias dos produtos.

-Vicepresidenta:

- .Substituir nos outros cargos na ausencia dalgún deles.
- .Axudar á presidenta.

*6º Finalidade:*

A actividade da cooperativa terá como finalidade a elaboración e posterior venda de produtos artesanais variados.

*7º Os beneficios da empresa distribuirase da seguinte forma:*

- .Devolución aos asociados/as do capital investido.
- .entrega do 10% a unha entidade benéfica.
- .Os cartos restantes, acórdase en asamblea en qué gastalos sempre que sexa unha actividade conxunta.

*8º Deberes dos asociados:*

- .Tódolos asociados colaborarán na realización dos produtos artesanais e na aportación do material para a súa confección.
- .Os produtos a elaborar elixiranse por votación.
- .O cooperativista deberá acudir ao centro algún día pola tarde ao trimestre. Se non acode compensará con horas de traballo na casa.

*9º Dereitos dos asociados:*

- .Todos teñen dereito a ser escoitados na toma de decisións e a votar libremente.
- .Todos teñen dereito a recibir os beneficios obtidos polas vendas dos seus produtos nas condicións fixadas.

*10º Incumprimentos das normas da cooperativa:*

.O socio que non teña unha actitude positiva no proxecto sancionaráse cun negativo. A acumulación de tres negativos conleva á perda do dereito a seguir sendo membro da cooperativa, así como ao capital investido e ao beneficios.

*11º Suxestións:*

*12º A sociedade constitúese polo período dun curso escolar.*

*13º Este estatuto pode ser modificado previa reunión e aprobación pola asemblea de socios.*